

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: I.E.S. EDUARDO BLANCO AMOR - CULLEREDO
CURSO: 2º BACHARELATO
MATERIA: IMAXE E SON
DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA
DATA: 10/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Analizar criticamente os recursos expresivos utilizados nas producións audiovisuais, relacionando as características funcionais e tipolóxicas coa consecución dos obxectivos comunicativos.	IS.1.1.3. Valora as consecuencias comunicativas da utilización formal e expresiva do encadramento, o ángulo de cámara e os seus movementos na resolución de diversas situacións audiovisuais.
B3.1. Elaborar guións audiovisuais aplicando unha estrutura narrativa coherente coas posibilidades expresivas da imaxe, o son e a música.	IS.3.1.3. Constrúe o guión literario dunha determinada secuencia seguindo as fases estandarizadas nas producións audiovisuais: determinación da idea, documentación, storyline, argumento e tratamento.
	IS.3.1.4. Realiza a transformación dunha secuencia dramática á estrutura propia dun guión técnico e un storyboard.
B4.1. Gravar pezas audiovisuais aplicando técnicas de captación de imaxes fotográficas e de vídeo, e reforzando a súa expresividade mediante os recursos e medios técnicos da linguaxe audiovisual.	IS.4.1.4. Rexistra coa cámara de vídeo e coa fotográfica as tomas, os planos e as secuencias coa información necesaria para a súa identificación.
B5.1. Realizar o tratamento dixital de imaxes valorando características de cor, formatos e contraste, e empregando técnicas de xeración, procesamento e retoque de imaxe fixa.	IS.5.1.1. Corrixe anomalías dos orixinais de imaxe fixa, e realiza os axustes necesarios de contraste, equilibrio de gris, brillo e saturación, adaptando o resultado ás características do medio ou soporte final das imaxes.
B6.1. Editar pezas visuais aplicando técnicas de creación de secuencias dinámicas de gráficos e imaxes fixas, e de montaxe audiovisual, axustándoas a pezas musicais.	IS.6.1.3. Edita as pezas de vídeo, as fotografías, os gráficos, os rótulos e os elementos sonoros na liña de tempo do programa de edición, realizando transicións entre os planos, elaborando subtítulos, harmonizando o ton e sincronizando a duración da imaxe co audio.
	IS.6.1.4. Exporta a peza visual de edición a un ficheiro co formato necesario para a súa posterior reprodución.
B7.1. Integrar o son e a imaxe nun produto multimedia, un audiovisual ou un programa de radio, aplicando os recursos expresivos da linguaxe sonora e relacionando as súas posibilidades de articulación e combinación segundo os tipos de destinatarios/as.	IS.7.1.5. Elabora mediante aplicacións dixitais a banda sonora dun produto audiovisual sinxelo ou multimedia, dando resposta aos seus requisitos comunicativos.
B7.2. Recoñecer os sistemas de xestión e protección de dereitos de autoría.	IS.7.2.1. Utiliza recursos de acordo coas leis de propiedade intelectual.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Análise de producións audiovisuais do alumnado.
	Instrumentos: Escala de observación numérica publicada nos criterios de cualificación presentes en cadanseu enunciado de proxecto proposto.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Avaliación continua. Recuperación mediante a realización ou mellora dos proxectos das avaliacións anteriores e mellora da cualificación da segunda avaliación mediante proxectos voluntarios, individuais ou por parellas.
Proba extraordinaria de setembro	Proba con soporte informático e publicación na web da planificación dunha curta. Guión, documento e presentación de Drive, blogue, tratamento de imaxes e sons coas correspondentes referencias, ...
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación: Non procede.
	Criterios de cualificación: Non procede.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non procede.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Tarefas audiovisuais encamiñadas a proxectos e proxectos audiovisuais.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	Metodoloxía de Aprendizaxe baseada en Proxectos, conectividade obrigatoria. Todo o alumnado ten conectividade suficiente para a realización das tarefas de recuperación e/ou proxectos voluntarios de ampliación.
Materiais e recursos	Aula Virtual que inclúe: <ul style="list-style-type: none"> • Enunciados dos proxectos cos criterios de cualificación. • Recursos explicativos de apoio. • Retroalimentación na avaliación/cualificación das producións entregadas. • Mensaxería interna. Correo electrónico. Software de escritorio: Audacity e Shotcut, ou similares. Ferramentas Google: Drive, presentacións, blogue, YouTube, ...

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Páxina web do centro.</p> <p>Aula Virtual da materia dende o comezo de curso Imaxe e Son 1920. Precísase usuario e contrasinal do alumnado para acceder ás cualificacións e retroalimentación.</p> <p>Correo electrónico (accionangel@gmail.com). Dende o comezo de curso.</p> <p>Correo Gsuite (angelaccion@iesblancoamor.com) dende o confinamento.</p>
Publicidade	<p>Páxina web do centro: http://www.edu.xunta.gal/centros/iesblancoamorculleredo/</p> <p>Aula Virtual da materia: Imaxe e Son 1920.</p>

Adaptación da Programación do Departamento de Tecnoloxía do IES Eduardo Blanco Amor aprobada na reunión dos seus membros en Culleredo a 10 de maio de 2020.

Ángel Acción
Xefe Departamento

Gumersindo Fernández

M^a José Rebolo